



Europa

O Marco Europeo das Cualificacións para a aprendizaxe permanente

Emilia Seoane Pérez

Conseleira EURES
(EUROpean Employment Services)
Profesora da Universidade de Vigo

eures.universidade.emilia@uvigo.es

No ano 2004, os estados membros, os interlocutores sociais e outras partes interesadas, demandan un referente común co obxecto de facilitar a transparencia das cualificacións. Como resposta a esta petición, comeza o desenvolvemento do Marco Europeo das Cualificacións.

Durante a segunda metade do 2005, a Comisión promove unha consulta en toda Europa sobre un plan elaborado pola propia Comisión, co apoio dun grupo de expertos sobre o MEC (Marco Europeo das Cualificacións), en inglés EQF (*European Qualifications Framework*). Tratábase dun modelo estruturado en oito niveis, con base en resultados de aprendizaxe que mellorasen a transferibilidade e a transparencia das cualificacións, e que fomentase a aprendizaxe permanente.

Aínda que propoñían simplificacións e aclaracións, en termos xerais, a proposta foi apoiada. A Comisión, atendendo a estes resultados, e en función das achegas dos expertos dos 32 países participantes e dos interlocutores sociais, modificaba o texto inicial, e o 6 de setembro de 2006 saía a xeito de Proposta.

Durante o 2007 o Consello e o Parlamento Europeo negocian a Proposta, e o MEC/EQF adóptase oficialmente en febreiro de 2008, adquirindo o grao de Recomendación, que entra oficialmente en vigor en abril dese mesmo ano.

O MEC/EQF é un marco común de referencia adoptado oficialmente pola Comisión e o Parlamento Europeo, que serve de mecanismo de conversión para facilitar a comprensión e a interpretación das cualificacións dos diferentes países e sistemas de Europa, así como para relacionar e comparar entre si os distintos sistemas de cualificacións.

Os principais obxectivos que se perseguen son: o fomento da mobilidade dos cidadáns e a promoción da aprendizaxe permanente.

Así, entre as achegas de grande interese e alcance que proporciona o MEC/EQF, cómpre sinalar:

- A súa función tradutora, que favorecerá a lectura e a comprensión das cualificacións ás persoas, ás institucións e aos empregadores.
- Será un punto de referencia no que atinxe ás cualificacións obtidas en todos os niveis formativos, dende o ensino xeral ao universitario.
- Basea os resultados da aprendizaxe ordenados en tres categorías: coñecementos, destrezas e competencias.

- Estrutura as cualificacións de referencia en oito niveis. O nivel 1 que se corresponde co remate do ensino obrigatorio, e o 8, que coincide co doutoramento ou equivalente. Os tres niveis máis altos (8, 7 e 6) son os da ensinanza superior e poden equipararse a cualificacións profesionais moi especializadas.

- Apoia e complementa os diferentes programas, recursos e instrumentos de axuda e fomento da mobilidade, tanto estudantil como laboral, en particular, Erasmus, Europass (Máis información en *Eduga* n.º 49, pp 40-42 e n.º 50, pp 44-47) ou a Rede EURES (Máis información en *Eduga* n.º 51, pp 40-43 e n.º 52, pp 38-41).

- Ademais do beneficio en termos de comparación e transferencia das cualificacións a escala europea, tamén o será no ámbito de cada país e mesmo transcenderá ao eido intercontinental.

- Pode favorecer a persoas que posúan unha ampla experiencia polo seu traballo, ou noutros campos de actividade, ao facilitar o recoñecemento da aprendizaxe non formal e informal.

- É un instrumento que terá grandes e importantes repercusións nos sistemas educativos e de formación, na industria, no comercio, nos servizos de emprego, nas empresas e consultoras de selección, nos axentes económicos e sociais, no mercado laboral en xeral e, por suposto, nos propios cidadáns. É, pois, indispensable para o desenvolvemento dun mercado europeo de emprego.

A Recomendación aconsella fixar o ano 2010 como data límite para que os países efectúen as correspondencias entre os seus sistemas de cualificacións, e o 2012 para que os certificados individuais de cualificación e títulos que se expidan, conteñan unha referencia clara ao nivel correspondente MEC/EQF. Desta maneira os empregadores poden identificar os coñecementos, as capacidades e as competencias das persoas candidatas a un posto de traballo en calquera lugar de Europa.

Máis información:

http://europa.eu/legislation_summaries/education_training_youth/lifelong_learning/c11104_es.htm

http://ec.europa.eu/dgs/education_culture/publ/pdf/eqf/broch_es.pdf

http://ec.europa.eu/dgs/education_culture/publ/pdf/eqf/leaflet_es.pdf

No próximo número

Momento actual do Sistema Universitario Galego no marco do EEES

Diferentes cidades europeas acollen as Xornadas Europeas do Emprego 2009

Dende outubro ata decembro do 2009, e como cada ano, os equipos EURES de toda a UE organizan centos de Xornadas Europeas do Emprego. Distintas cidades da Unión Europea, como Oporto (Portugal), Lille (Francia), Jyväskylä (Finlandia), Bruxelas (Bélxica), Turín (Italia) e Newcastle (Reino Unido) acollen estas actividades, cuxo principal interese radica en expoñer o papel de EURES respecto á mobilidade profesional, como clave para manterse competitivos, especialmente en épocas de crise económica. Deste xeito, os eventos que compoñen as Xornadas Europeas do Emprego 2009 constitúen unha plataforma para empresarios e traballadores, onde se pode obter información e asesoramento sobre como traballar no estranxeiro, engarzando as ofertas e as demandas de emprego.

Máis información:

www.europa.eu.int/eures

Presentado o Plan anual de actividades 2009-2010 EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal



A Comisión Europea vén de aprobar o Plan anual de actividades 2009-2010, presentado e aprobado polo EURES (EUROPEAN EMPLOYMENT SERVICES) Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. A partir deste momento, os órganos parceiros portugueses e galegos desenvolverán accións que se levarán a cabo ata marzo de 2010. Así, a Universidade de Vigo incorporará:

- A participación da conselleira EURES da Universidade de Vigo como relatora nas actividades organizadas polo Ministerio de Lavoro de Italia, que se celebrarán en Roma, Nápoles e Perugia, e irán dirixidas a asistentes EURES e a estudantes universitarios.
- A inclusión na Guía de Saídas Profesionais da Universidade de Vigo (<http://uvigo.es/guiasaidasprofesionais/>) da epígrafe relativa ao novo escenario europeo de mobilidade laboral no marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Os títulos oficiais de Mestrado serán obxecto de análise, polas oportunidades de emprego e mobilidade que achen.

Continuarase tamén con novas edicións das actividades que se viñeron organizando en anos pasados, entre elas:


- O Seminario EUREST-Universidade-Empresa e Institucións, como parte das sesións periódicas de comunicación entre a Universidade de Vigo e os empregadores (5.ª edición).
- O Forum Interuniversitario EURES-Transfronteirizo-Persoal Docente e Investigador de Universidades (5.ª edición), nesta ocasión dirixido, preferentemente, ao profesorado responsable de mestrados oficiais universitarios.
- Os obradoiros de técnicas de busca de emprego na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e en Europa (8.ª edición).
- A Xornada de Comunicación cos colexios profesionais, como xa vén sendo habitual entre estes e a Universidade de Vigo (3.ª edición).
- O ForumEmprego Universitario 2010 "9.ª Xornadas Universitarias de Emprego de Galicia-Norte de Portugal" que se realizará en cada un dos tres campus da Universidade de Vigo (9.ª edición).

Todas estas iniciativas teñen como principais obxectivos elaborar e difundir información sobre a mobilidade profesional, establecer contactos sistemáticos con grupos e colectivos específicos relacionados coa mobilidade, dende a perspectiva do emprego e da formación, de xeito que repercutan positivamente nos estudantes universitarios e nos egresados.

Un ano máis, a Comisión Europea valorou favorablemente a memoria de actividades desvoltas por esta entidade parceira, a Universidade de Vigo, na convocatoria 2008-2009. Tamén contou co seu beneplácito a proposta presentada para o presente exercicio (2009-2010) que se ve reflectida na súa aprobación e nos orzamentos concedidos para a súa organización e implantación.

A Universidade de Vigo organiza as Xornadas Universitarias de Emprego Transfronteirizo de Galicia e Norte de Portugal

Forum emprego
UNIVERSITARIO



Universidade do Minho



UNIVERSIDADE DE VIGO
VICERREITORÍA
DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS



A Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, e coa coordinación da conselleira EURES, organiza as IX Xornadas Universitarias de Emprego Transfronteirizo de Galicia e Norte de Portugal. Celebraranse nos campus universitarios de Vigo (o día 23 de febreiro), Pontevedra (o día 24) e Ourense (o día 25). Con elas preténdese achegar o alumnado universitario á realidade da busca do emprego, mediante conferencias, mesas redondas, coloquios, etc., que facilitarán a información e os recursos necesarios á hora de emprender unha busca activa de emprego no mercado laboral europeo e transfronteirizo.

Entre a temática que se abordará, cómpre salientar:

- A nova acción Erasmus prácticas.
- A formación ao abeiro do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior). Os novos títulos universitarios oficiais: análise do momento actual e achegamento a un futuro inmediato.
- A mobilidade profesional e laboral con EURES (EUROpean Employment Services), o servizo europeo público de emprego.
- Formación e emprego nun espazo europeo común: EUROPASS como recurso imprescindible para a transparencia e a mobilidade.
- Os programas europeos como oportunidade de emprego para os mozos e mozas universitarios (FSE, FEDER, IFOP).

Nestas xornadas, promovidas polo EURES-Transfronteirizo Galicia e Norte de Portugal, o alumnado participará nas actividades de xeito presencial, un total de dez horas, e outras dez serán de traballo individual. Nelas terá que elaborar o seu propio *curriculum vitae* no modelo europeo, formato EUROPASS. A participación nesas vinte horas dará a oportunidade de obter un crédito de libre configuración.

Máis información:

www.uvigo.es

Estocolmo será a sede da conferencia de peche do Ano europeo da Creatividade e da Innovación



A Unión Europea elixiu 2009 como o Ano da Creatividade e da Innovación, cuxo fin é sensibilizar sobre a necesidade da creatividade para afrontar os retos actuais nunha economía do coñecemento, como está a ser a da Unión Europea. Deste xeito, pronunciouse o comisario de Educación, Ján Figel, recoñecendo o "papel difícil e crucial dos mestres, pois, cada vez máis, terán que atopar un equilibrio entre os requisitos tradicionais da educación e a necesidade de dotar as mozas e os mozos de capacidades de interrelación tales como o espírito de iniciativa". Ao longo do ano 2009 leváronse e estanse levando a cabo conferencias, proxectos e exposicións en toda Europa, destinados a diversos colectivos, e que terán o seu peche oficial en Estocolmo. A cidade acollerá os días 16 e 17 de decembro a conferencia de clausura, que será organizada polo International Programme Office for Education and Training, en colaboración coas oficinas gobernamentais de Suecia, Knowledge Foundation, National Agencies for Education, National Agency for Higher Education, Innovation Systems, Economic and Regional Growth, the National Board for Youth Affairs and The Arts Council.

Máis información :

www.create2009.europa.eu/calendar_of_events/eu_events.html